



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación declarar deserto o proceso selectivo convocado, pola quenda de promoción interna, para a cobertura de 2 prazas de técnico/a medio/a de informática (subgrupo A2), C.E. 17/23

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 31 de xullo de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Declarar deserto o proceso selectivo convocado por Resolución do 18/03/2026 do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación para a cobertura, pola quenda de promoción interna, de 2 prazas de técnico/a medio/a de informática (subgrupo A2), da escala de administración especial (C.E. 17/23), incluídas na Oferta de emprego público do ano 2023 (BOP núm. 72 do 17/04/2023).

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 3 de agosto de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/5199